Voceiro da Confederación Intersindical Galega-Admón. Pública de Vigo e Pontevedra

A Xanela

Sector da Administración Autonómica–Edificio administrativo da Xunta en Vigo

Edif. Admtvo. Xunta en Vigo–8º andar, torre B Telf. 986 8 17597 - Fax: 986 817698 autonomicavigo@cigadmon.org nº47 - Xaneiro 2010

RETRIBUCIÓNS: A CRISE, QUE A PAGUE O CAPITAL

O 25 de setembro do 2009, o goberno do Estado asinou con CCOO, UGT e CSIF o *Acordo goberno-sindicatos para a Función Pública no marco do diálogo social 2010-2012*, que fixa as retribucións do conxunto das empregadas e empregados públicos até o ano 2013. Para a comprensión do acordo cómpre diferenciar as medidas de carácter retributivo de aqueloutras de tipo meramente organizativo e/ou de desenvolvemento normativo sen eficacia directa.

En 2010, o incremento será do 0,3% da masa salarial. Na práctica, co aumento do IRPF e do IVE, diminuirá o noso poder adquisitivo.

💰 En 2011, conxelación.

💰 Para o 2012, a Administración "comprométese" unicamente a incluír no proxecto de Lei de orzamentos os créditos necesarios para cubrir a perda de poder adquisitivo que poidamos experimentar nos anos 2010 e 2011. Serán as Cortes Xerais do Estado quen decidan nese entón.

💰 Para o 2013, novamente asinaron un "compromiso" para cubrir perdas do 2012, a aprobar polas Cortes.

Uns exemplos do que asinaron:

1 asesor = 1200 subalternos
A remuneración anual dun asesor político (persoal eventual) é igual ao incremento salarial de 1200 subalternos ou 1100 auxiliares (60.000 €)

1 xefe territorial = 60 auxiliares
O incremento salarial aos xefes territoriais (3.000 €) é igual ao incremento pactado para 60 auxiliares ou 70 subalternos.

Sen concreción

Cómpre subliñar que o **Acordo non recolle unha cláusula de revisión salarial de aplicación directa**, senón só un compromiso político: *a Administración comprométese a incluír os*

créditos nas leis de orzamentos, dependendo a súa aprobación da vontade das Cortes Xerais do Estado. Téñase en conta a situación de "maioría minoritaria", e que as eleicións xerais serían no 2012, polo que o "compromiso" do 2013 pode ficar no lixo.

Mileurismo na Administración

O acordo non distingue as distintas capacidades económicas dos diferentes colectivos. Na práctica, a conxelación aplicarase tanto ao persoal que goza de retribucións largamente superiores á media, como tamén aos milleiros de mileuristas que existen na Administración.

Resulta particularmente descorazonador que cos parabéns das organizacións sindicais maioritarias a nivel do Estado, finalmente sexan os que menos teñen os que se vexan empobrecidos, despois de que o estado fixese achegas millonarias para a gran banca causante da actual crise.

Se existise algunha dúbida sobre o carácter regresivo do acordo, pódese comparar o incremento salarial do 0,3% en todas as administracións para o 2010 co incremento salarial ⇒

O QUE DEFENDEU A CIG PARA A XUNTA

Levamos acumulada unha perda do 37% no noso poder adquisitivo dende a década dos 90 grazas ás distintas conxelacións e acordos asinados en Madrid por CCOO, UGT e CSIF. Coa pouca marxe de manobra que permiten ditos acordos, o posicionamento inamovíbel da CIG permitiu a sinatura do acordo 2006-2010 na Xunta que minorou levemente as perdas gracia ao reparto lineal dun fondo.

Somos conscientes da situación socioeconómica que viven o país e o estado español. Pero tamén somos conscientes da insolidaria suba do IVE, de que a crise non é culpa nosa senón do capital, do aumento de retribucións en 210 €/mes aos xefes territoriais, da multimillonaria compra de licenzas de software propietario (contrario do prometido polo PP no seu programa eleitoral), do Plus dos Altos Cargos, ...

Queremos respeto, non ser nin máis nin menos que ningún outro traballador ou traballadora do país, así que a nosa proposta foi clara e realista: unha suba igual á media dos convenios colectivos galegos para o 2010. Esto é, un **3,58%**, igual á media, e no caso de que a inflación fose maior, que se nos compense cunha cláusula de revisión salarial mais unha porcentaxe de suba lineal para asegurar unha mínima recuperación do poder adquisitivo.

Por suposto, xunto coa proposta salarial, defendimos, esiximos, a apertura dunha mesa de negociación para tratarmos a nova Lei da Función Pública que contemple a carreira profesional, a xubilación anticipada, suba de niveis, equiparación de trienios ao grupo A, reposición de efectivos...

⇒ medio pactado no conxunto dos convenios de todos os sectores productivos para ese mesmo ano:

- Incremento salarial medio en convenios de Galiza-2010: 3,58%
- Incremento salarial medio en convenios do Estado-2010: 2,67%.

Para máis abastanza, a maioría dos convenios inclúen verdadeiras cláusulas de revisión salarial de aplicación directa, co que a suba final sempre estará por riba do IPC. Nada disto contempla o acordo asinado por CCOO, UGT e CSIF.

Distinto valor da antigüidade

O prexuízo para as camadas máis desfavorecidas agrávase polo feito de que o acordo non contempla ningunha medida de cara á igualación de trienios de todos os grupos de persoal funcionario, defendida pola CIG.

Mentres a realidade do acordo mantén a desigualdade na paga por antigüidade en prexuízo dos corpos baixos, os asinantes tentan lavar a cara pronunciándose nos boletíns e recollendo sinaturas na liña xustamente contraria ao que pactaron.

Fondos de pensións

En contraste coa laxitude e a pouca ambición do pacto, no acordo explícitase o incremento das contribucións ao Plano de pensións para o persoal da Administración do Estado:

- 2010: incrementaranse nun 0,3%.
- 2011: incrementaranse nun 0,5%.
- 2012: incrementaranse nun 0,7%.

Tan so temos unha explicación para que os asinantes se preocupasen mais de fixar o incremento das contribucións ao fondo de pensións que de negociar unha suba salarial digna e directa; tal vez ten algo que ver o feito de que a entidade adxudicataria da xestión do plan está participada polas principais organizacións sindicais asinantes e, xa que logo, "comisionistas" das retribucións diferidas.

Falamos de 200 millóns de euros, botín xestionado por *GPP, Gestión de Previsión y Pensiones S.A.*, participada polo BBVA (70%), e CCOO e UGT (30%), empresa que tivo beneficios millonarios que supuxeron unha inxección para UGT e CCOO.

Medidas de modernización

O acordo recolle outras medidas de modernización, toda unha abundancia de "compromisos e declaracións de intencións", sen eficacia directa; eufemismos que a patronal e os sindicatos servís confeccionaron para vendernos o seu miserable Acordo de 3€/mensuais.

Na longa listaxe de boas intencións, hai unha ausencia clamorosa: a carreira profesional. Entanto outros colectivos xa gozan dos seus sistemas de carreira profesional con importantes efectos retributivos, os asinantes do acordo non pasan de debuxar un compromiso, sen data, de fixar criterios comúns nas distintas leis de desenvolvemento do Estatuto Básico, sen mais concrecións.

Ladrar á lúa

Disque somos afortunados porque existe unha cláusula de revisión salarial que evita a conxelación. Onde está?. Para o 2010 non existe; para o 2011 tampouco, e para o 2012 ha ser, eventualmente, o que determinen as Cortes do Estado.

Non hai conxelación salarial porque no 2010 soben un 0,3% (3€/mes). Como para o 2011 haberá conxelación e para o 2012 xa veremos, o acordo é bo, moi bo.

Tan excelente é o acordo que os dúplices dos asinantes o louvan ao tempo que fan ao sol unha proposta retributiva na Xunta pedindo o que non quixeron: piden un 1% e asinaron o 0,3%; piden reposición de efectivos do 100% e asinaron un 15; piden trienios iguais, e asinaron distintos; piden ..., e asinaron ...

Saben que os seus xefes asinaron un mal acordo, e teñen que defendelo e convencernos do bo que é.

A CIG, sindicato presente na mesa para o diálogo social (inda que os medios o oculten), por gozar da condición de sindicato máis representativo, NON ASINOU, porque non é obrigatorio, porque as empregadas e empregados públicos non somos culpábeis da crise, porque solidariedade non significa bastardar os intereses lexítimos dos empregados públicos e finalmente porque non aceptamos cambalachos nin subornos.

OFICINA EMPREGO PONTEVEDRA

No mes de novembro de 2007, a CIG mobilizouse diante da oficina de emprego de Pontevedra para denunciar a precariedade das súas instalacións onde o amoreamento tanto do persoal coma dos administrados chega a límites difíciles de soportar.

Así, polo delegado provincial de traballo garantírase que antes de proceder ao desdobramento, nunca antes do 2009, sería factible a ocupación do local de industria por terse trasladado ao novo edificio administrativo.

Co cambio de goberno e coa nova estructura da Xunta, temos que non se dotaron novas instalacións nin se procedeu ao desdobramento e, todo iso, a pesares de que a situación económica actual veu a agravar inda máis o colapso da oficina.

As obras da nova oficina aínda non principiaron a pesares de estaren orzamentadas e terse prometido o desdobramento co mantemento da oficina actual. Non hai prazos.

No pasado Nadal e diante das enormes colas que tiñan continuación polas rúas próximas, os funcionarios da oficina, nun exercicio de responsabilidade que vai máis alá das súas

obrigas, estiveron a atender aos demandantes na rúa para facerlles máis doada a súa xestión administrativa.

Esiximos da xefatura territorial de Traballo e Benestar o inmediato cumprimento dos compromisos: desdobramento xa da oficina de emprego de Pontevedra.

POSTOS DIRECTIVOS, POSTOS ABERTOS E REACCIÓN CSIF

Pechamos o 2009 coa intención de Sanidade de converter os seus postos de subdirección xeral en postos de caracter directivo (sen requisito de ser empregado/a público), inmerso no proxecto de decreto de integración do persoal funcionario das escalas sanitarias (lei 17/1989) en persoal estatutario. Na Comisión de Persoal do 16 de decembro, e como consta en acta, a CIG atacouno duramente.

Pois ben, atopámonos cunha nota informativa do CSIF que acusaba á CIG de apoiar a proposta da Administración, cando na Comisión de Persoal nin abriron a boca neste asunto (lóxico, pois tanto CSIF como UGT e CCOO apoiaron o Estatuto Básico de Empregados Públicos que legaliza a súa cobertura sen ser empregado/a público). A difamación do CSIF ten dobre explicación:

1) Nesa mesma Comisión de Persoal aprobouse co voto en contra da CIG e a favor do CSIF, a modificación da RPT da Academia Galega de Seguridade na que a CIG denunciou que se pretendían crear prazas a medida con nomes e apelidos nun centro dirixido (director xeral) por quen ate hai seis meses era o amado líder e presidente rexional do CSIF.

2) Poucos días antes a CIG difundiu unha nota na que criticabamos ao CSIF polo seu recente cambio de criterio no que respecta a apertura de postos a outras administracións, titulado "O 5% do CSIF".

Na nosa administración hai unha serie de prazas abertas a outras que en teoría non deberían superar o 5% do total, máis é habitual nas modificacións de RPT que os responsábeis políticos aproben, sen apoio sindical a apertura de diversos postos.

A CIG sempre o criticou, porque non hai reciprocidade, e porque case na súa totalidade son postos de libre designación. O CSIF viña actuando na mesma liña, mais recentemente o seu criterio está a ser que "como non sabemos a porcentaxe de prazas abertas a outras administracións, e por tanto non sabeos se superamos ou non o 5%, non nos posicionamos". Unha absurda xustificación para non mollarse e amolar.

Outras Novas

Oposicións e concursos:
- OPE 2009 no DOG 18/12/09.

- Concurso laborais: negociándose as bases. Sairá por marzo ou abril?

Fondo de acción social 2009: publicada no DOG do 12/01/2010 a resolución pola que se publica o acordo do FAS. As solicitudes fanse dende o web de Función Pública. Prazo de entrega da solicitude en persoal ate o 26/02/2010.

Modificación ámbitos listas contratación: antes do 31 de xaneiro tes que adaptar os ámbitos ao novo sistema (para algunhas listas). Mais información no web da CIG-Autonomica e no DOG do 30/12/09.

VOTACIÓN DO PLUS DOS ALTOS CARGOS

PSOE e PP votan a favor do mantemento dos privilexios

Por fin debateuse e votouse a Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) promovida pola CIG, avaliada con 19.000 sinaturas, na se demandaba a derrogación do chamado "plus dos altos cargos", ano e medio despois de entrar no parlamento. Suso Seixo, Secretario Xeral da CIG, foi o encargado de defendela no pleno como portavoz da comisión promotora.

O obxectivo non era outro que "*corrixir unha deriva gravemente errónea, inxusta, discriminatoria e, aparentemente pouco meditada, na regulación legal das retribucións dos funcionarios que desempeñaron postos de altos cargos*", ou o que é o mesmo, a derrogación da disposición adicional 17ª da lei de Función Pública de Galiza, que foi votada a favor por todos os grupos parlamentares o 27 de xullo de 2007, logo de que o PP a introducise como emenda.

Seixo lembrou que esta decisión lexislativa "*foi obxecto dunha enorme contestación social, reveladora do distanciamento que nesta materia existe entre a sociedade galega e moitos dos seus representantes políticos*". O secretario xeral da CIG denunciou a escasa conciencia social amosada polo Parlamento de Galiza cando aprobou esta disposición adicional, "*obviando a realidade dun país en que os salarios da maioría dos traballadores se sitúan por baixo da cantidade prevista para un director xeral só en concepto de complemento de destino*".

Tras lembrar aos deputados e deputadas toda unha serie de medidas postas en marcha para a suposta austeridade, fixo referencia ao cativo incremento retributivo do 0,3% para o conxunto dos empregados públicos, cando máis da metade non alcanzan os mil euros ao mes; a suspensión dos acordos retributivos pactados co persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde; á redución dos orzamentos destinados ao ensino público galego nun 0,9%; á liquidación do sistema de gratuidade universal dos libros de texto; a privatización dos Centros de Día dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar; o desmantelamento das oficinas de I+B, o despedimento das súas traballadoras ou o despedimento dos traballadores/as dos centros públicos de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

O debate e votación da ILP promovida pola CIG non introduciu grandes sorpresas e respostou ao xa anunciado: o BNG apostou pola súa toma en consideración para "*restaurar e incrementar o crédito da actividade política*" e que suporía aforrar uns 3 millóns de euros. O PSOE optou por entender a ILE como un freo ao proceso de modernización da administración pública galega. O PP entende que non se están a introducir "*medidas de tipo elitista*", explicou o seu deputado Antonio Rodríguez Miranda, "*senón a súa equiparación co resto das comunidades autónomas*".

DEPENDENCIA, CESIÓN ILEGAL DE TRABALLADORES E INDIXESTIÓN

Cesión ilegal de traballadores

No servizo da dependencia da Xefatura Territorial de Traballo e Benestar de Pontevedra aparecen un grupo de traballadores/as que nin foron contratados polas listas nin vía selección pública (caso de non existiren listas). Nun principio pensabamos que sería un convenio de colaboración cun centro especial de emprego, mais a nosa sorpresa foi que a comisionista é "Plexus, S.L.", "*compañía de Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) especializada na prestación de servizos de consultoría e outsourcing, realización de proxectos no ámbito das telecomunicación [...]*".

Plexus, que non é ETT, e por tanto non pode ceder traballadores, puxo a disposición da Xefatura Territorial un grupo de persoas a facer traballo como os demais empregados/as públicos da administración, utilizando medios e recibindo ordes directas da administración.

Estamos diante dunha nova "cesión ilegal de traballadores/as", que pode rematar con sentencia de indefinición pola xustiza e coa CIG demandando penalmente aos responsábeis políticos. A CIG xa denunciou ante Inspección de Traballo. Non aprenden !!

A indixestión da dependencia

Os equipos técnicos que valoran o recoñecemento dos expedientes derivados da Lei da Dependencia viven nunha situación de caos permanente, mentres o xefe do servizo non pasa de ser un espectador.

Entende o xefe de servizo de dependencia e autonomía que os problemas manifestados polos traballadores/as dos seus equipos non pasan de ser conflictos persoais. Todo un exemplo de xefe resolutivo, de capacidade organizativa e de entrar no fondo dos problemas.

Persoal contratado temporal foron designados para desempeñar a coordinación dos equipos de Vigo e Pontevedra, función que deberían compatibilizan co exercicio do seu traballo como psicólogos ou traballadores sociais para o que foron contratados. A súa temporalidade impídelles percibir o plus de coordinación, polo que a compensación que obteñen é a de "mando en praza", poderes que exercen mais alá do que sería a función de coordinación. Mentres tanto, o xefe do servizo, mando orgánico, inhíbese da súa responsabilidade e provoca que os equipos técnicos entren en conflicto diante da perda do referente coordinador.

Este goberno rachou o acordo de incremento de efectivos para a dependencia e agora atopámonos co paradoxo de que todo o persoal dos equipos está desenvolver 80 horas extraordinarias pola urxencia de executar 70 millóns de euros do exercicio pasado; non hai fondos para o incremento de cadro de persoal, nin tan sequera para a contratación por acumulo de tarefas, pero si hai fondos abondos para as horas extraordinarias.